

Capítulo 11

«A C***» (1850), un poema inédito de Marcial Valladares

251

*«A C***»(1850), an unpublished poem of Marcial Valladares*

Xosé A Fernández Salgado

Resumo: Este traballo dá a coñecer un poema inédito en galega de Marcial Valladares (1821-1903) datado de 1850. Ademais de ofrecer a súa edición e análise lingüística, revísase a obra poética do autor co fin de achegar as claves que axudan a comprendelo e situalo no conxunto da súa produción. Na análise faise fincapé na data de composición, pois infelizmente o número de textos escritos en galega na primeira década (1840-1850) do Prerrexurdimento non é abundante. Nesta altura, Valladares móstrase non só como un dos poetas máis prolíficos en galega senón tamén dos que máis cedo o usa nas súas composicións.

Palabras claves: Edición de textos, poesía, Rexurdimento, Marcial Valladares, lingua galega

Abstract: This paper makes known an unpublished poem in Galician of Marcial Valladares (1821-1903) dated 1850. In addition to the poem's edition and analysis, Valladares' poetic work is reviewed to provide the keys to understanding its place within the overall picture of his production. The study highlights the date of its composition as, unfortunately, the poetic texts written in Galician in the first decade (1840-1850) of the Prerrexurdimento were not abundant. In this period, Valladares is not only one of the most prolific poets in Galician but one of the first to use it in his compositions.

Key words: Text editing, poetry, Nineteenth-century Galician Revival, Marcial Valladares, Galician language.

A vida é unha viaxe: quena fai, non sabe a onde vai; pro ere irá felicidade

(Sentencia de Larra, traducida por Valladares)

252

1 Introducción

Neste artigo damos a coñecer un poema inédito en galego de Marcial Valladares (Vilancosta-A Estrada, 1827-1903) encabezado pola dedicatoria «A C***», que agocha a identidade dunha distinguida moza santiaguesa, á que un aínda novo Valladares galanteara e á que acabou dedicándolle varias composicións datadas de mediados da década de 1840. O poema, composto en 1850, consta de 72 versos e nel rememora os seus encontros con ela por terras da Ulla durante as romarías do verán.

Coa edición destes versos queremos chamar a atención sobre a obra poética do literato ullán, un dos precursores no uso do galego como lingua literaria nos inicios do Rexurdimento. Tamén queremos que sirva para celebrar que fai este ano o segundo centenario do seu nacemento. Naceu un 14 de xuño de 1821, na casa grande de Vilancosta, fillo de Xosé Dionisia Valladares e de María de la Concepción Núñez e foi bautizado cos nomes de Marcial, Ramón, María del Pilar. O nome de *Marcial* viñéralle dado en lembranza dunha batalla contra os franceses en que participara o pai e da que dera saído vitorioso. Os seus textos máis importantes asinounos co primeiro nome seguido normalmente dos dous apelidos, ben que ás veces tamén o fai coas siglas M.V.N e M.V., e mesmo nalgún poema como Maiclar¹.

2 O Valladares poeta

Marcial Valladares revélase como unha figura central do renacemento literario que experimentou a Galicia do século XIX. Redactou o *Diccionario gallego-castellano* (7 884), o mellor da época, levou a cabo unha das primeiras e máis completas recolleitas de literatura popular, e aínda deixou inédito o texto *Elementos de gramática gallega* (7 892). Foi, ademais, o inaugurador do xénero novelístico en galego co relato *Majina ou a filla espúrea* (7 880) e a el tamén se deben algúns dos primeiros poemas en que se usa o galego como lingua literaria, aló na década de 1840.

E certamente, é a de poeta a faceta literaria que primeiro se manifesta no escritor ullán, aínda que a miúdo quede agachada nos estudos lingüístico-literarios sobre o Rexurdimento polas súas outras actividades de lexicógrafo, narrador ou colector de folclore. Pero cómpre lembrar que a súa obra poética sobrepasa considerablemente

¹ Este traballo tamén llo dedicamos á profesora Amparo Solla. Máis dunha vez temos conversado sobre o escritor e Vilancosta a propósito da súa novela *Majinrt* e dos tópicos folletinescos que en cerra a narración.

² Para un estudo integral do autor remitimos a Fernández Salgado (2005).

o cento de composicións. Unha lista cos seus títulos e datación pode verse no «Apéndice 1» deste traballo: os seus primeiros títulos datan de 1839 e o último de 1898. Nesa relación recolleemos tanto as versificadas en galega, preto do cento, como as escritas en castelán, unha trintena. A grande maioría da súa produción poética xa foi compilada e estudada por nós mesmos (Fernández Salgado 2003). En comparación coa alí ofrecida, esta listaxe engade algúns novos títulos mercé ás referencias achegadas por Ferreiros Espinosa (2018), sobriño bisneto de Marcial Valladares, e tamén a partir da propia investigación que sobre o autor levamos facendo dende 2000.

En Fernández Salgado (2003: 55-56) xa dabamos noticia de que boa parte da obra poética valladariana, sobre todo a inicial, de carácter máis sentimental e típicamente romántica, se gardaba en tres cadernos manuscritos seus, segundo algunhas referencias contidas nas súas *Memorias de familia* (MF, L1: cap. XXVI). Di alí Valladares, referíndose á década de 1840:

Entonces y después, empero, compuse muchos [poemas], pueriles casi todos, ninguno bueno ingenuamente lo confieso, por más que en algún periódico vieren la luz pública dos ó tres *juguets* y conserve en diferentes colecciones manuscritas gran parte, no con objeto de legará la posteridad flores que una a una van los días marchitando, si con el de recordar pasadas impresiones en cada vez que yo las lea, reir ó llorar sobre esas marchitas flores que ya no reverdecerán _1

Bergueiro (7 950, 1955, 1970) e Ferreirós Espinosa (2018) confirman esas súas tres coleccións manuscritas, que el inaugura en 1842 baixo os títulos de *Enredos poéticos*, *Álbum. Poesía e Juguets poéticos*. Sinala Ferreirós Espinosa que, tendo en conta as datas que Valladares consignou ó final da maioría dos poemas que nelas se recollen, «sabemos con certeza que principiou a escribir, polo menos, no ano 1839, cando estudaba 4º curso de Leis». E continúa a dicir que, no decurso dos anos 1839 ao 1842, «escribiu máis de vinte poesías en castelán. Tivo que chegar ao ano 1843 para que se decidise a versificar en galega, aínda que moitas das primeiras poesías na nosa lingua leven o título en castelán»(2018: 273). As redactadas en galega, como «Cantiga a un cazador» ou «El y ella», de 1843, teñen o mérito de seren precursoras do uso do galega no xénero lírico, como veremos máis adiante.

Así pois, como literato, Valladares comeza sendo ante todo poeta, e como tal fai parte da primeira xeración galega de escritores románticos que Carballo Calero (7 981: 67) denominou «precursores», termo co cal se viña a referir ós escritores que se manifestaran antes da celebración dos Xogos fiarais coruñeses de 1861, ou se se quere da publicación dos *Cantares gallegos* (7 863) rosalianos. Poia súa banda, Ríos Panisse (2000: 148-257) establece outra división xeracional e opta por se referir ó primeiro grupo dos precursores como «provincialistas anteriores a 1846», e neles inclúe a Valladares a carón de Pintos e Añón, os dous poetas máis vellos da xeración, e a Alberto Camino, un ano maior có poeta ullán. Sinala que os da «xeración do 46» comezan a poetizar arredor de 1845 e fano en galega por convencemento ideolóxico

e influenciados palas ideas do chamado «provincialismo», que toma forza a partir de 1840 inspirándose nos ideais do movemento romántico. Todos estes poetas volverán participar a mediados da década de 1850 na recuperación galeguista da segunda etapa deste movemento.

E en efecto, membros da «xeración do 46» como Valladares, Añón ou Camino comezan a poetizar en galega nos anos iniciais da década de 1840, cando están facendo as súas carreiras en Santiago e, xustamente, cando rexorde con forza a Academia Literaria da cidade, que acabaría senda una escala de galeguidade. Facían parte da Academia algúns profesores, pero sobre todo estudantes inquedos e críticos de ideoloxía liberal: Díaz de Robles, Romero Ortiz, Cociña, Posada, os irmáns Rúa Figuroa, os irmáns Gil, Añón, Martínez Padín... e os dous máis influentes, Faraldo e Neira de Mosquera. Precisamente Faraldo definiu a mocidade universitaria de 1843 no xornal *El Recreo Compostelano* (nº 1, xaneiro de 1843), que dirixía Neira de Mosquera, deste xeito:

los jóvenes de esta edad son jóvenes arrullados en la infancia con canciones de libertad, jóvenes instruídos con libros de la época, jóvenes a quienes se enseña lo que valen y lo que pueden; no dudamos en afirmar que aspiran a introducir en Galicia el aprecio a la antigüedad y el amor a los estudios históricos.

Está claro que Valladares pertence a esta clase de mozos instruídos cos libros da época. A súa xeración defínese esteticamente pala súa afinidade ós ideais do romanticismo, palas influencias da literatura francesa e española romántica do momento - por Lamartine, Saint-Pierre ou Espronceda, no caso de Valladares-, mais tamén polo gusto polo «costumismo», corrente que nese intre triunfa na Península con autores como Mesonero Romanos e Neira de Mosquera e que atopa en Galicia unha boa fonte de motivos. Así mesmo, obsérvanse no grupo provincialista os influxos dun idealismo procedente de dúas correntes de pensamento contemporáneas: o socialismo utópico, dos franceses Saint-Simon e Fourier, e a democracia cristiá, que propuña a idea de restablecer a irmandade cristiá como fonte moderna de civilización. Estas influencias abrollan decote polos versos de Valladares.

A produción poética valladariana podemos dividila en dous períodos. No primeiro incluíranse as poesías datadas nas décadas de 1840 e 1850, que son as de máis clara feitura romántica. Trátase sobre todo de poemas de carácter sentimental, de métrica culta (sextillas, oitavas, quintillas, serventesios...), con abundantes referencias autobiográficas, que reflicten os primeiros amores de xuventude do poeta ou a saudade pola terra, pois una parte foron compostos durante a súa estada en Zamora (1844-1850). Á segunda etapa pertencerían as composicións datadas a partir de 1860, de tinte máis popular e humorística. Nelas predominan xa o didactismo e os motivos costumistas e de raíz folclórica, ás veces con leves críticas de carácter social. Son poemas concibidos por un Valladares máis adulto, retirado e solteiro na casa familiar da Ulla, cunha actividade poética xa nun segundo plano, arrecunchada cada vez máis pola lexicográfica e de colección de literatura popular, coa que moitas veces

se confunde. Reflictese isto non só nos temas senón tamén nas formas e metros que usa, máis populares, sobre todo cuartetos, romances, coplas... De feito, varias das composicións desta época aparecen copiadas no manuscrito do *Cantigueiro popular* (7 868) e no seu *Apéndice* (7 879) (véxase a edición de Luna Sanmartín 2003). 255

Os estudosos da obra poética de Valladares veñen agrupando as súas composicións en tres liñas temáticas principais. Así, Carballo Calero (1970: 5) distingue as centradas «nos costumes e horizontes populares -aldeáns ou vilegos-, nos sentimentos de tenrura amorosa ou na agudeza epigramática», que acepta Marco (1986), ben que subliña dous novos aspectos: o da reflexión moral e o de certas pinceladas de denuncia social. Por súa vez, Ríos Panisse (2000: 193) sinala que o autor de Vilancosta cultiva as tres liñas poéticas de moda naquela altura: a sentimental-intimista, a didáctica do socialismo utópico e a costumista-folclórica. Pala nasa parte, en Fernández Salgado (2003: 61-62) agrupabamos, nunha banda, os poemas en que dominan o sentimental, o amoroso e a saudade, dos que poderían servir de exemplo «A un paxariño» (1844), «Suidades» (1845), «Á miña Aldea» (1847) «Un recordo» (1847), «A C****» (1850), que agora editamos, ou os versos en castelán que comezan por «Zamora tiene una flor» (1851). Noutro grupo incluimos as poesías costumistas e de fin didáctica, coma «Á Fonte do Pico-Sagro (1851), «Inés fiando» (1879), «Quieta xesta - ¡Vaite coxa» (1879), «Unha tarde na Ulliña» (1879), «Á Fontiña do Suspiro» (1879), «Terriña, por terra, a terra da Ulliña» (1880), o celebrado «A castañeira en Santiago» (1881), as dialogadas «Rosa e Sabela» (1883) e «Nai e filia» (7 883)...; e as composicións de raíz folclórica pero da súa autoría, coma as fábulas «A Garza e o Carrizo» e «Os dous ratos» (1884), e tamén as vinte e una coplas dedicadas a Vilancosta. Un grupo final deixabámolo para os versos satíricos dos seus máis de oitenta epigramas. Unha miguíña á marxe quedan os poemas motivados por algún acontecemento ou circunstancia, coma os sonetos dedicados ó político Azara (1851) e ó seu amigo Andrés Murais (1883); as 64 oitavas italianas de «A romería a Santiago de Compostela», compostas no ano santo de 1875; os cuartetos dirixidos a unha sobriña finada prematuramente, «Á memoria de Da. María da Saleta Velón Valladares» (1878); e as cuartetos dedicadas «A Rousalía» (1891) co gallo do traslado dos restos da escritora dende Padrón a Santiago.

3 Edición e estudo de «A C****»

3.1 Un texto inédito

O texto «A C****» que ofrecemos a seguir consta de 72 versos, distribuídos en 12 sextillas, unha estrofa de arte menor moi empregada no romanticismo que combina versos octosílabos e tetrasílabos de rima consoante deste xeito: *Ba Ba 4b Be Be 4b*. No poema rememóranse os encontros noutro tempo do poeta coa amada, a quen se

dirixe como a súa *rula*, o seu *ben*, a súa *prenda* ..., durante as romarías de Gundián, das Dores e do Sacramento por terras da Ulla. O texto está inédito, ben que a estrofa inicial foi utilizada polo propio Valladares no seu *Diccionario* (7 884) para exemplificar o uso da entrada *niñada*³.

O texto que editamos foi copiado por nós dun manuscrito autógrafo de Valladares durante unha visita á súa casa natal de Vilancosta, e en concreto á súa biblioteca, que moi amablemente nos ensinaron as daquela herdeiras do casal, Carmen Domínguez del Campo, viúva de Carlos Espinosa Ferreirós, e a súa filia Mari Carmen Ferreirós del Campo (a quen outra vez reitero os agradecementos). Esa visita tivo lugar unha tarde de domingo de febreiro de 2002, cando andaba a piques de rematar a miña tese de doutoramento sobre o erudito de Vilancosta. Por desgracia, a transcripción apurada que fixera do poema nunha folla de papel estivo extraviada durante varios anos; non obstante, non hai moito apareceu no medio doutra documentación da tese unha mañá que ordenaba caixas de documentos na miña casa.

Canto ó tipo de edición, como xa expresamos noutras ocasións, somos partidarios de manipular o menos posible a escrita orixinal dos textos, e así actuamos neste poema. Por tanto, optamos por unha edición conservadora, que mantén a fidelidade ás grafías, puntuación e acentuación elixidas polo autor. En dúas ocasións (vs. 59 e 69), non fomos quen de interpretar dúas palabras e nese caso transcribimos entre corchetes, [xxxxx], a forma ilexible. A edición leva notas a rodapé en que incluímos comentarios léxicos, culturais e xeográficos que axudan a comprender e contextualizar os versos. O poema di así:

AC***

Rula⁴ de tempran niñada,
esperada
n'o souto de Guimarans⁵,
ruliña que O fin chegache
e acalache⁶

5

3 Outros fragmentos de poemas seus tamén aparecen nas entradas *almibre*, *armillons*, *deloira*, *dijo moito*, *escontra*, *estribillm*; *fio á fio*, *lmo*, *niñada* e *zas*.

4 *Rula*: ave monógama da familia das pombas, pero máis pequena ca elas, de cor cincenta, que debe o nome ó seu melancólico e repetitivo canto como mm. Chega a últimos de abril e marcha a fins de xullo. A rula é símbolo de fidelidade no amor. O emprego do diminutivo *ruliña*, como aparece no v. 4, expresa o amor e afecto que se lle ten a unha moza que se ama.

5 *Guirnaráns*: refírese ó lugar da parroquia de San Mamede de Ribadulla, no concello de Yedra, na ribeira corufresa do UHa. Alí se atopa o Pazo de Guimarans, exemplo de estilo barroco galego, levantado no século XVII polos Abraldes de Santiago, unha das familias máis distinguidas da burguesía compostelá. Actualmente pertence ós marqueses de Santa Cruz de Ribadulla.

6 *Acatar*: sosegar, aplacar.

do meu pesar os afans ⁷ .		
Donosa ^a pamba sin fel ⁹ ;		
caravel ⁷⁰		
de lindeza orixinal		257
por min hai moito escollido;	10	
encendido		
cal Papo rubio real (1) ¹¹		
Alivio dos doores ¹²		
teus amores		
¿onde i ^a il onde agora van?	15	
¿onde miña prenda ¹³ , aquelas		
lúa, estrelas		
e noite de Gundian ¹⁴ ... ?		
¿Onde as auras ¹⁵ melindrosas ¹⁶		
entre rosas	20	
de mais d'unha calidá...?		
¿Aqueles nasos falares		
que os pinares		
ouían ¹⁷ n'a soledá...?		

7 Esta primeira sextilla do poema foi empregada por Valladares no seu *Diccionario* (1884) para testemuñar o uso e significado de *niñada* ('conxunto de ovos ou paxariños no niño').

8 *Donosa*: que ten graza, donaire, garbo.

9 *Sinfel*: figuradamente, sen amargura.

10 *Carcwet* planta de adorno; como logo se adxectiva con *encendido* e se compara co *Papo-rubio*, entendem- os que se refire a un caravel vennello, que é símbolo de amor sincero.

11 *Papo-rubio*: n nota, o autor sinala «(1) El bubrêlo». Este paxariño coñécese tamén como *paporroibo*, *flisme flaisnr*: n. E do xénero do pardal, coa cabeza negra, peito e laterais encarnados, e ventre abrancazado. Aparece pola primavera e gusta de picar na flor do bieiteiro. Anda case sempre *só* e o seu canto consiste en doces e curtas piadas moi baixifias.

12 *Doores*: no seu *Diccionario* recolle como entrada *dore* tamén é a que usa no poema «Suidades» (1845); entendemos que a súa opción aquí por *door* se debe a razóns métricas.

13 *Miña prenda*: expresión referida a quen se ama intensamente.

14 Alude á paraxe e ermida de Gunclián, na Ponte Ulla, tamén no concello de Vedra; alí se celebra o día 8 de setembro unha famosa romaría dedicada a Nosa Señora, que tamén se menciona no poema. Esta romaría xunto a das Dores, que se cita despois, e a do San Sebastián, eran as máis sonadas das terras da Ulla, como ben recolle esta cantiga anotada polo propio Valladares nas súas «Cantigas da Ulla»: *Teño unha rmisa ofrecida / a Virxe de Cundián, / outra leño á das Dolores, / outra a San Sebastián*.

15 *Aura*: é un vento suave, sutil e, figuradamente, o que parece emanar clunha persoa e que exerce unha influencia misteriosa arredor dela. E voz culta.

16 *Melindrosa*: que fala e actúa con demasiada finura e delicadeza.

17 *Oui*: é variante de *ouc*

258	¿Recordas con alegría aquele día en Sta. Cruz ¹⁸ de paseo de gaita e de foliada, ordenada das mozas para recreo?	25 30
	¿O día do Sacramento ¹⁹ , un momento pouco antes de anoitecer? ¿Cando á marchar t'estrevias e me vías ó pe de ti esmorecer ?	35
	Non m'esqueceu á min, non, corazón ²⁰ que estonces te mirei: nin m'esqueceu; non vidiña ²¹ , canto axiña contigo dempois bailei.	40
	Nun corro ²² , o baile acabado, engarrado ²³ teu brazo no brazo meu, á casa túa tomamos e espertamos amor que m'enloqueceu..	45

18 Refírese ó lugar de Santa Cruz de Ribadulla, tamén no concello de Vedra, onde se atopa o Pazo de Ortigueira, tamén coñecido como Pazo de Santa Cruz de Ribadulla, famoso polo seus estanques, xardíns e paseos rodeados de árbores. Alí, na igrexa que hai no seu interior, celébrase en setembro a sonada romaxe das Dors. O pazo é propiedade tamén dos marqueses de Santa Cruz de Ribadulla. Esta zona da Ulla é rica en pazos, quintas e pousas, pois, ademais dos aludidos de Ortigueira e Guimarans, atópanse tamén por alí o de Ximonde, Oca, Vista Alegre ou da Costa. Da competencia en beleza dá constancia a seguinte cantiga anotada por Valladares tamén nas «Cantigas da Ulla»: *Gl. timarans é Linda pausa, / máis Ximonde sen disputa, / e máis que entrambas aínda / Santa Cruz de Ribadulla.*

19 *Sacramento*: alude á romaría do Santísimo Sacramento que se celebra nas primeiras semanas de xullo en San Mamede de Ribadulla, na semana seguinte na Ponte Ulla e a mediados de setembro tamén en Santa Cruz. As romarías de Gundián, das Dors e do Sacramento aparecen como escenario poético do encontro; esta relación amorosa que se describe noutro seu poema titulado «Un recordo» (1847), publicado en 1851, eremos que tamén dedicado á esta mesma muller.

20 *Corazón*: amor, afecto.

21 *Vidiña*: palabra tenra de carifio para invocar a amada.

22 *Corro*: círculo que se forma para falar, cantar ou bailar.

23 *Engarra*, 'quedar agarrada un ha cousa á outra.

<p>¿Para quen, senon, meu ben²⁴, para quen foron lago o meu mirar, tanto, tanto enviadiño, parrafño²⁵ e dorido suspirar...?</p>	50	
<p>¿Para quen, senon, en fin do xardin mil froles eu apañei [xxxxxxxxxxx]²⁶ do teu gusto, que con gusto, O despedirme che dei. ?</p>	55	259
<p>E pois de novo á taparte e escoitarte veño miña xoia²⁷, aquí acolle, ¡ai! xa sin rencores os amores do que inda chora por ti.</p>	60	
<p>[xxxxxxx]²⁸, mansa pombiña²⁹, gardadiña de piratas gabilans³⁰, rula de tempran niñada esperada n'o souto de Guimaran.</p>	65	
	70	

24 *Meu ben*: expresión para se referir a persoa amada.

25 *Parrafirio*: tipo de conversa amigable.

26 Palabra ilexible no orixinal; a transcripción parece recoller algo así: *veltaristas*, *relioristes...*, pero non o demos descifrado.

27 *Mi-rita xoia*: expresión que denota o amor e aprecio pola persoa amada. Ten o mesmo valor ca outras invocacións con que o poeta tamén se refire a namorada: *mli-ña* (v. 4) *carar,el* (v. 8), *miña firenda* (v. 16), *vidiña* (v. 41), *wrazón* (v. 93), *rneu ben* (v. 50) e *mansa pombiña* (v. 68).

28 Palabra ilexible no orixinal; a transcripción podería recoller algo así como *AnUéos*, *Audéos*. Non nos atrevemos a recompor ller *Adrns*, como forma de despedida (que lle podería acaer ben polo contexto), pois a forma galega de despedida (*adeus!*) é rara neste contexto nesta altura.

29 *Pmnhá*: figuradamente, persoa moi bondadosa e apracible, cuxo significado se intensifica ó se usar no diminutivo.

30 *GrLhirlín*: castelanismo que remite á ave de rapina chamada *¡rwirín*, *hu.xnl* ou *miñan*. Figuradamente, en sentido negacivo, adxectivo a quen anda a «roubar, saquear» o amor doutros; iría reforzando o substantivo *piralas*, de referencia semellante: 'persoa cruel que se dedica á abordaxe' (aquí en sentido figurado).

Santiago, 1 julio de 1850³¹

Maiclar³²

260

A poesía vai asinada por «Maiclar», que é un pseudónimo que xoga coas letras do nome de Marcial Valladares, o verdadeiro autor da composición. Este mesmo pseudónimo empregouno no caderno manuscrito que encabezou como *Album. Poesía de Maiclar*. Os versos tamén están datados, en Santiago, o primeiro día de xullo de 1850. Este dato permítenos situar o espazo e o tempo en que Valladares confeccionou o poema, que vén cadrar co seu regreso a Galicia, e de toda a súa familia, e coa súa instalación na casa familiar de Vilancosta lago de pasar máis de seis anos na cidade de Zamora, a onde o pai Xosé Dionisia Valladares fora destinado en 1844 como Intendente da provincia. Marcial (e lago toda a familia) acabaría tamén trasladándose a cidade castelá, precisamente en xullo dese ano. Por iso, non nos estraña, sabendo da vea sentimental e melancólica do namorado poeta de Vilancosta, que seis anos despois, en xullo de 1850, de volta outra vez en Santiago, lle veñan á memoria aqueles señardosos días de verán en que galanteaba coa dama santiaguesa que se esconde baixo a inicial «C***». A composición encádrase pala métrica e temática dentro da produción do primeiro período do poeta de que falamos anteriormente.

3.2 A destinataria «C***»

Certamente, Valladares lembra nestes versos a súa relación con «C***» durante as romarías da Ulla no verán de 1843. Baixo esa letra «C» eremos que se agacha a mesma identidade cá da dama «C.V.A.» a quen Valladares refúe varias veces nas súas *Memorias de familia*. Por exemplo, o contido dos versos que editamos conecta con algúns fragmentos do diario familiar e, en concreto, co texto dalgunhas cartas de Marcial con seu irmán Sergio por volta de 1843 nas que lle revela o seu namoramento dunha rapaza da que, como cabaleiro que era, garda celosamente a identidade. Sempre alude a ela coas iniciais C.V.A., ben que sabemos por outras referencias que pertencía á burguesía ou aristocracia santiaguesa e que tiña casa na Ulla no lugar que el refire como «G*»³³, a onde adoitaba acudir polo verán a gozar das romarías. Con motivo das festas do Sacramento, en Ortigueira (Santa Cruz de Ribadulla), Marcial describiulle a seu irmán Sergio como fara o encontro con ela (*MF*, L1: cap. XXV):

1 A data de xullo de 1850 vén coincidir co regreso e asentamento definitivo dos Valladares na casa de Vilancosta, logo dunha estada de máis de seis anos en Zamora.

2 *Maidar* é pseudónimo, xogando coas letras do nome, de Marcial Valladares; empregouno tamén nalgún caderno manuscrito.

3, Póida que sexa Guimarás polas referencias que aparecen nalgunhas composicións ou Ximonde (xa que tamén se empregaba coa grafía Gimonde).

Fue entonces cuando tuve el gusto de saludar á C.VA y a su amiguita Carlota, invitadas, cual dos lindas fiores sobre su tallo, entre las señoras y señoritas de la víspera; el de dirijirlas mil espresivas miradas; contemplarlas estasiado, en tanto que largo círculo de mozas y de mozos ejercitaban sus muñeiras al son de las castañetas, la gaita y el tamboril, en tanto que la hora de pasar por segunda vez a casa de*** y dar principio á nuestro baile no se acercaba. Llegada al fin, la ansiada hora, corrí a su lado y hablé con ellas de diferentes cosas, acompañándolas despues del baile a G***, cuya casa me ha ofrecido C.VA

Asípois, estes días de romaría do Sacramento de 1843 con aquela señorita «C***» son os poetizados por Marcial nesta composición que editamos. Pero estes sentimentos por ela ocuparon tamén os versos doutras poesías súas, coma os trece serventesios de «Suidades. A C...» (7 845), publicados no Álbum de la Caridad (7 862) e «Un recuerdo» (7 847), unha longa composición de 164 versos en que se combinan oitavas de hendecasílabos e heptasílabos, redondillas de heptasílabos e serventesios de alexandrinos; as dúas xa datadas en Zamora. «Suidades» volvería aparecer publicada, levemente modificada, no xornal habaneiro *El Eco de Galicia* en 1885 e naquela edición xa descubre o nome da dama: «A Carmen». Por outra parte, Ferreirós Espinosa (2018: 273) comenta que a versión manuscrita de «Suidades», que se garda en Vilancosta, ía dedicada a «Cenmar», pseudónimo que esconde o mesmo nome de *Carmen*

A relación entre Valladares e C.VA (ou Carmen) truncárase a comezos do verán de 1844, cando aquel se tivo que trasladar a Zamora. Non obstante, antes da partida para a cidade castelá, aínda pasaría por Santiago a finais de xuño co fin de poder vela e despedirse. O encontro con C.VA produciuse na Alameda compostelá o 29 de xuño e é lembrado nas *Memorias* (L1: cap. XXV) deste xeito:

Bella entonces como nunca, llevaba en la mano un clavel verde pálido, luciendo otro encarnado en el pelo al lado de la mantilla que sobre los hombros donosamente la caía. Acompañábala VL.J. su amiga y juntas sostenían animada conversación. Visitela el siguiente día en su casa, hallándola linda, como la víspera, y afable, como siempre. Prestóme las poesías de Gertrudis de Avellaneda, de quien nada hasta entonces había leído aún, poesías entre las cuales me gustaron mucho el *soneto á Cuba* y las tituladas *A El, El niño dormido, A Francia* y *El Cazador*, esta última del gusto tambien de C.VA

O día 31 de xuño Valladares despídese en Compostela definitivamente de C*** e mais de súa nai:

Señora sumamente afable, delante de la cual tuve el honor de ojear entonces el nuevo Album de su digna hija; album que, entre otras composiciones poéticas, contenía una de mi buen amigo Don José María Gil y diferentes dibujos de C***, uno sobre todo, hecho en G*** que recuerdo bien, imitando nidos medios desechos con pequeños huevecillos dentro.

Segundo confesa Valladares, C*** foi unha señorita «á quien consagré mas de un pensamiento y mas de una poesía» (*MF*, L1: cap. XXV). E certamente, como vimos xa, os seus pensamentos cara a ela aparecen evocados nas Memorias *de familia* e nalgunhas composicións iniciais do escritor, as citadas «Suidades» e «Un recordo», e mesmo os debuxos dos niños de paxaros aludidos no fragmento anterior das Memorias, deberon inspirar tamén a catro oitavas de «A un paxariño» (7 844), un dos seus primeiros poemas en galega, e varias máis, de facermos caso do escrito por Ferreirós Espinosa (2018: 250):

repasando as poesías do Tío Marcial, chama a atención que dedicase once a «Cenmar» nos anos 1843 a 45, entre elas «Soedades», e tamén que dedicase cinco a Lesfla no 1845, polo que resulta indubidable que *Carmen* e *Fe/isa* foron dúas das moitas mozas das que namorou ou namoriscou o Tío Marcial.

3.3 Sobre a importancia da súa datación

As sextillas de «A C***» resultan interesantes porque axudan a completar e coñecer mellar a obra poética do autor; pero tamén pala data temperá de 1850 en que están escritas, xa que infelizmente non son tantos os textos literarios do Prerrexurdimento escritos en galega. Neste punto, Valladares despunta como un dos pioneiros no uso do galega, e facemos nasas as palabras de Carballo Calero (7 970) cando afirma que «non se lle pode negar ao bo fidalgo ullán un pasto na primeira fía da vangarda de restauración das letras galegas», e continúa engadindo que isa abondaría para facer o seu nome significativo, como un dos fundadores ou precursores da Renascencia literaria.

E aínda máis, pois non só é dos primeiros en poetizar en galega, xunto a Alberto Camino, Vicente de Turnes, Juan Manuel Pintos, Francisco Añón ou Antonio de la Iglesia, senón que é tamén dos máis prolíficos deste período. Así o confirman os datos que consignamos na táboa do «Apendice 2» (no final deste traballo), onde recadamos a produción escrita en galega entre 1840 e 1850. Nesa táboa listamos 51 títulos en galego³⁴, todos poéticos: deles, 10 son da autoría de Marcial Valladares e séguenlle por número de títulos Camino, Turnes, Pintos e Añón. O resumo destes datos pode verse na Táboa 1:

34 A táboa do Apéndice 2 é de elaboración propia a partir dos datos tirados dos traballos de Dobarro Paz (1994), de Mariño, Barreiro e Aneiros (2008), de Saurín de la Iglesia (2005) e dos nosos datos sobre Valladares, recollidos no «Apéndice 1».

Autor	Nº de composicións en galego coñecidas	Nº de composicións publicadas nese período
Marcial Valladares	10	0
Alberto Camino	9	6
Vicente de Turnes	8	4
Juan Manuel Pintos	5	4
Antonio de la Iglesia	6	0
Francisco Añón	2	

Táboa 7 Autores en galego máis prolíficos entre 1840 e 1850.

Pero efectivamente, como tamén se pode ver na táboa anterior, aínda que actualmente poidamos dicir que Valladares foi o máis prolífico, das compostas por el en galego, houbo que esperar a 1851 para que se publique a primeira no santiagués *El Eco de Galicia* de Neira de Mosquera baixo o título de «Un recordo», que databa de 1847. Distinto é o caso de Camino, Turnes e Pintos, que si conseguiron imprimir a súa produción en galego no momento: ben fose nalgún xornal ou publicación, ben en folleto. En concreto, de Camino imprimiríanse 6 das 9 composicións de que era autor, entre elas o famoso e simbólico «O desconsolo» (7 845), varias veces reproducido en distintas publicacións. Poia contra, Añón só publicaría un, iso si, a súa égloga «Recordo da infancia» (7 845) é das composicións máis emblemáticas do Prerrexurdimento. E aínda outro comentario máis sobre a produción en galego desta década, que tamén individualiza a produción de Valladares: o poeta de Vilancosta xunto a Camino son autores en galego de composicións autenticamente líricas, sentimentais; pola contra, nas poesías de Turnes e Pintos dominan os temas de circunstancias.

3.4 Trazos lingüísticos do poema

Desde o punto de vista gráfico, o poema ofrece as características habituais da escrita de Valladares e do galego da época, que en xeral segue nos usos ortográficos o modelo do castelán, naquela altura a única lingua (xunto ó latín) que se aprendía nas escolas. Así é todo, nalgunhas cuestións, os precursores tiveron que innovar para representar na escrita algúns sons, pronuncias ou fenómenos fónicos propiamente galegos. Por outra parte, foi habitual que nos usos gramaticais e léxicos os autores optasen por formas morfolóxicas do seu dialecto e por voces populares e enxebres, nalgún caso xa interferidas polo castelán, como non podía ser doutro xeito ante a inexistencia de gramáticas, dicionarios e modelos literarios autóctonos que imitar, de exceptuamos a lírica popular.

Entre os signos gráficos usados no poema destaca o emprego do apóstrofo<'> para representar a elisión de vogais na cadea fónica, un dos trazos gráficos máis caracte-

rizadores da escrita galega do XIX, ben seguro que emulando a escrita do francés, lingua de moda do momento. No poema, Valladares emprégao en dous contextos. Por unha parte, úsao en auténticos casos de elisión dunha vogal final de palabra, sobre todo <e>, cando a seguinte tamén comeza por vogal, como sucede nos pronomes átonos *me* e *te* cando van antes de fomas verbais iniciadas por vogal: *t' estrevías* (v. 34), *m' esqueceu* (v. 37.) e *m' enloqueceu* (v. 49). Por outra, grafa o apóstrofe en casos xa de auténticas amalgamas entre as preposicións e os artigos definidos e indefinidos, coma en *n'o* (vs.3, 72), *d'unha* (v. 21) e *n'a* (v. 24). Así e todo, cómpre dicir que o uso do apóstrofe non é sistemático.

Sobre a acentuación, Valladares fai uso tanto do agudo coma do grave. Nuns poucos casos, bota man do agudo como marca de intensidade da vogal tónica en *calidá* (v. 21), *soledá* (v. 24) e *paséo* (v. 27); pero tamén con función diacrítica no caso da preposición *á* (vs. 34, 37, 46...). Pola súa parte, o acento grave destínoa a marcar a abertura de <o, e> na contracción do artigo e a preposición: *ó* (vs. 4, 36, 61), eco monosílabo *pe* (v. 36).

Sobresae tamén nos signos gráficos o emprego da diérese sobre unha vogal seguida doutra, querendo indicar con iso que forman unha secuencia hiática e que son, por tanto, de sílabas diferentes. Así sucede en *rea/* (v. 12), */úa* (v. 17) e *túa* (v. 47). O seu uso na escrita poética da época era bastante habitual e ofrecía indicacións para o cómputo silábico do verso.

Pola súa parte, canto ó uso dalgunhas grafías, salienta o emprego único de <x> para representar o son fricativo prepalatal xordo, como en *orixinal* (v. 9), *axiña* (v. 42), *xardín* (v. 57), *xoia* (v. 64) ou *xa* (v. 65)³⁵; o dígrafo <nh> para o son nasal velar intervocálico en *d'unha* (v. 21); e a grafía <i> para a semiconsoante do ditongo crecente medial de palabra en *xoia* (v. 64).

Xa tocante a aspectos gramaticais, obsérvanse no poema pegadas do dialecto ullán de Valladares, isto é do galego occidental; por exemplo na elección dos plurais en *-ns*, como en *Guimaráns* (v.3), *afans* (v. 6) e *gabilans* (v. 70); nos descendentes latinos de *-ANU*, onde opta pola terminación en *-án*, coma no pseudogaleguismo *tempran* (vs. 1 e 71); no uso da P1 do perfecto de *dar* como *dei* (v. 61); e na P2 do perfecto polas formas en *-che* (en lugar de *-ches*), como en *chegache* (v. 4) e *acalache* (v. 5). Poden considerarse usos populares a elección do poeta polas formas truncadas dos substantivos en *-dá* (en lugar *de-dade*), como nas rimadas *calidá* (v. 21) e *soledá* (v. 24); da metatizada *frotes* (v. 57); e o abundante uso do diminutivo en *-iño*, *-a*, con valor expresivo e intensivo, sempre en palabras en rima *vidiña* (v. 41); *enviadiño* (v. 53) e *parrafiño* (v. 54); e *pombiña* (v. 68) e *gardadiña* (v.70). No caso dos adverbios, opta polas variantes tradicionais diferenciais, como *agora* (v.15), *axiña* (v. 42), *estonces*

³⁵ O caso de *julio* na data final do poema interpretámolo como forma castelá.

(v. 40), *dempois* (v. 43) ou *inda* (v.67). Xa canto ós grupos sintagmáticos, merece comentario un caso do uso tradicional do artigo co posesivo en o *meu mirar* (v. 52), pero tamén outro de non uso en *teu brazo no brazo meu* (v. 46), explicable por razóns métricas e rítmicas; e tamén o emprego moi literario de coexistencia do demostrativo e posesivo antepostos ó substantivo, coma en *aque/es nasos fa/ares* (v. 22). Resulta así mesmo de estilo literario e culto o emprego de *ca/* (v. 12) con valor comparativo.

Canto ó léxico, Valladares emprega no poema vocábulos tradicionais e enxebres, como os substantivos *caravel* (v. 8), *doores* (v. 13), *estrelas* (v.17), *fe/* (v. 7), *lúa* (v. 17), *niñada* (v. 1), *pamba* (v. 7) ou *rula* (v. 1); adxectivos como *donosa* (v. 8), *dorido* (v. 55) ou *melindrosas* (v. 19); ou verbos como *engarrar* (v. 45), *esmorecer* (v. 36), *esquecer* (v. 37 e 41), *estreverse* (v. 34), *ouír* (v. 24) ou *tomar* (v. 47). Os castelanismos son case inexistentes, apenas *encendido* (v. 11), *enloquecer* (v. 49), *gabilans* (v. 69) ou a preposición *sin* (v. 7). Por outra parte, pertencerían ó rexistro culto a voces como *auras* (v. 19), *suspirar* (v. 55) ou *pesar* (v. 5). Véxanse tamén na edición os comentarios realizados nas notas a rodapé.

4 Cabo

Neste traballo quixemos reivindicar o Valladares poeta a través da edición dun poema seu inédito encabezado pola dedicatoria «A C***», que, como desvelamos no noso comentario, agacha a identidade da dama santiaguesa C.V.A., de quen estivo namorado un Valladares aínda mozo por volta de 1843 e 1844, antes de saír para Zamora. A ela dedicou algún fragmento das súas *Memorias de familia* e tamén varios poemas, cheos de queixosa sensibilidade e formas totalmente románticas, como as tituladas «A un paxariño» (1844), «Suidades» (1845), «Un recordo» (1847) e este «A C***», que datado en 1850. O noso exame obrigounos tamén a revisar e actualizar a súa produción poética, o que nos permite ofrecer unha lista de máis dun cento de títulos ordenados cronoloxicamente nos apéndices deste traballo. Por outra parte, á vista da data dalgúns deles tamén quixemos poñer en valor o carácter precursor de Valladares como cultivador do galego no período do Prerrexurdimento galego. Certamente, a lista de elaboración propia sobre a produción escrita en galego entre 1840 e 1850, que recolleemos tamén nos apéndices, reafírmanos en que o poeta de Vilancosta é dentro do grupo dos «precursores» ou da «xeración do 46» o autor máis prolífico en galego, con polo menos unha decena de composicións, ben que ningunha delas se vise impresa naquela década; neste punto destácanse máis os compañeiros de xeración Camino, Pintos e Turnes.

O poeta Valladares, como dixo Carballo Calero (7 981), é un versificador de estilo familiar e agradable de ler, pois o seu verso é sentido, claro e doce, como ben traslocen as sextillas a C*** que demos a coñecer. Sirvan a súa edición como recordatorio de que o literato de Vilancosta faría agora 200 anos.

5 Referencias bibliográficas

- Bergueiro López, Manuel (1950): «*Marcial Valladares visto literaria y políticamente*», La Noche, Santiago (20/5/1950).
- 266 Bergueiro López, Manuel (1955): «*Un día en casa de Maiclar*», Faro de Vigo (20/5/1955). [Asinado como Manuel de Vicenta]
- Aerj;;u.ám T,rípez, Mrmuel (1970a): «*Marrial Vallodrms*», Faro de Vigo (R/4/1970).
- Carbal/o Calero, Ricardo (1970): O se□or ele Vilancosta. Loubanza ele don Marcial Valladares Núñez no Día das Lett-as Galegas. Santiago de Cornpostela: Universidade.
- Carballo Calero, Ricardo (1981): Historia da literatura galega. Vigo: Galaxia.
- Dobarrv Paz, Xosé M" (2000): «*O nacementv du.nha litemtwa*». Galicia Literatura: Os Séculos Escuros. O século XIX, t. XXXJ. A Cvrnia: Hbcules deJ;, 'dicivnes, 88-109.
- Fernández Salgado, Xosé A. (2005): Marcial Valladares. Biografía dun precursor no Rexurdimento galego. Pvnvedra: Deputación Pr011ncial.
- Fernández Salgado, Xosé A. (2018): «*Bibliografía completa (1842-2018) de Marcial Valladarns*». en A. Acmia /A.Iglesias/ X. H. Costas (eds.), Homenaxe ao profesor Ramón Gutiérrez. Vigo: Universidade, 59-84.
- Fernández Salgado, Xosé A. (ed.) (2003): Poesía. Marcial Valladares. Vigo: Xemis.
- /:u.na Srmrn.artín, Xosé (ed.) (2003): Cantigueiro Popular. A F:stmdr1,,: Funrlrlrirín Cultuml rlr1,F:slmrlrl.
- Marco, Aurom (1986): «*Contribuí(om ao coñecimento da obra poética de Marcial Valhadarns. Poemas ignorados*», en Actas do I Congreso Internacional da Língua Galego-portuguesa na Caliza. AGAL: A Coruña, 544-562.
- Mariño, llamón/ Xosé R. Barreiro / Rosa Aneiros (2008): Papés el' emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846: I. Santiago de Corn.postela: Consello da Cultura Galega.
- MF= Memorias de familia [1844-1878]: Memorias de familia por Don Marcial Valladares, Licenciado en Jurisprudencia. (ms), t. J. Biblioteca dafamilia Valladares.
- Hivs Panisse, M" Carne (2000): «*Os inicios do l-f.exwdirmento*». Galicia Literatura: Os Séculos Escuros. O século XIX, t. XXXI. A Cvrnt-ria: Hércules de J,,'dicionés, 148-257.
- Saurín de la Iglesia, Mª Rosa (ed.) (2005): Poesías. Antonio ele la Iglesia. A Comria: Real Academia Galega.

6 Apéndices

6.1 Apéndice 1: Obra poética de Marcial Valladares

Consignamos por orde cronolóxica os títulos das composicións poéticas de Marcial Valladares que coñecemos. Entre corchetes figura o ano de datación; sen corchetes o ano da primeira publicación, se se produciu. Para as referencias bibliográficas com-

pletas destes títulos remitimos a Fernández Salgado (2018).

Data	Título
1839-1842	Compón máis 20 composicións, das que descoñecemos o título. [Segundo referencias de Ferreirós Espinosa (207 8)] [En castelán]
(1842):	Enredos poéticos por M. V (ms) [Caderno manuscrito]
(1842):	Ábum: Poesía de Maclar (ms) [Caderno manuscrito]
(1842-1862):	Juguetes poéticos (ms) [Caderno manuscrito]
(1842):	«Brindis» (ms) [En castelán]
1842:	«Recoge, recoge» [En castelán]
(1843):	«Cántiga á un cazador» (ms)
(1843):	«El y ella»(ms)
(1844] 2003:	«A un paxariño»
(1845] 1862	«Suidades. A C...»
(1846] 2003	«A un cementerio en Madrid el día de difuntos»
[c.1846] 2003	«Taresa é Tomás»
[c.1846] 2003	«Un-a fro!»
(1847] 1851	«Un recordo»
(1848] 1862	«Á miña aldea»
(1848]	«Soño» (ms)
(1849):	«A Zamora en la inauguración de su Liceo Artístico y Literario en día 30 de mayo de 1849» (ms)
(1850] 2021	«A C ^{mm} »
(1851] 1861	«A Fonte do Pico-Sagro»
1851	«La Rosquillera»[En castelán]
(1851] 2003	«Zamora tiene una flor» [En castelán]
(1851]	«A una tórtola»(ms) [En castelán]
(1851] 1852	«Ó Excmo. Señor Don Nicolás de Azara e Pereira»
(1853] 1862	<<A ^{**} »
(1854]	«Himno a la Virgen de la Guía» (ms) [En castelán]
(1855]	«Al acostarse» (ms) [En castelán]
(1856]	Composiciones gallegas (ms) [Contén as composicións «Á un Paxariño», «Á miña aldea», «A un-a Fonte ou Pico-Sagro», «Un-a Fro!»,«Taresa e Tomas» e «A un cementerio en Madrid el día de difuntos»]
(1855] 1856	«Gozos a Nuestra Señora de la Guía» [En castelán]
(1862]	«El pecador contrito» (ms) [En castelán]
[c.1867] 1884	«Un rapás»
[c.1867] 1884	«Epigrama. [Indo Ana po-la calle]»
(1875] 2003	«A Romería a Santiago de Compostela»
(1875-1878] 1881	«Epigrama. [Bebendo ond'eu m'atopaba]»
(1875-1878] 1881	«Epigrama. [Pidíndoll'á un labrador]»
(1875-1878] 1881	«Epigrama. [Consultou con don Alejo]»
(1875-1878] 1881	«Epigrama. [Co-a vinageira n'a man]»
(1875-1878] 1881	«Epigrama. [Indo as uvas eu á ver]»
(1875-1878] 1881	«Epigrama. [Pepiño rompe un cristal]»

(1876-1877) 2003	«Epigrama I. [No monte un día choraba]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama 11. [Coa vinageira na man]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama 111. [Un dá desta maneira]»
(1876-1877) 1881	«Epigrama IV.[Bebendo onde eu me atopaba]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama V. [Ós votos pra Diputado]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama VI. [Na gramática a estudar]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama VII. [Era unha torta de un olio]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama VIII. [»Eu, cando ó mundo saín]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama IX. [Demandou a seu marido]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama X. [A doutrina preguntando]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama XI. [Non sabendo que lle dar]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama XII. [Entrando polo portal]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama XIII. [Estábanse a confesar]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama XIV.[Nos axustes Bias me encargaba]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama XV. [¡Con todo! Era un estribillo]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama XVI. [A un boticario capás]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama XVII. [Consultou Don Alejo]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama XVIII. Na ilesia de San Ourente]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama XIX. [Regalaron a un prelado]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama XX. [Bautizando a unha meniña]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama XXI. [Enterada unha muller]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama XXII. [Indo Roque coma un odre]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama XXIII. [Na ventana da súa casa]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama XXIV [Estaban tres no Silvar]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama XXV. [Recelándose Angorainas]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama XXVI. [Querendo o médico Gabes]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama XXVII. [Espertando ó meu criado]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama XXVIII. [Era unha tarde de norte]»
(1876-1877) 1881	«Epigrama XXIX . [Indo ás uvas eu a ver]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama XXX [ó ferreiro dos Bobates]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama XXXI . [Virando en herba a Piñora]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama XXXII . [Díxolle un certo galán]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama XXXIII . [Queren con equis se escriba]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama XXXIV. [Escribindo un tal Costoyas]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama XXXV. [Preguntou sucio escolar]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama XXXVI. [Na ilesia do cebedario]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama XXXVII. [Pasaban polo mercado]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama XXXVIII. [Tanto Xan me empornaba]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama XXXIX. [Estando un día no monte]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama XL. [Co cigarro tras da orella]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama XLI. [Cantando un merlo contento]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama XLII. [Decía a Lucas, Manuela]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama XLIII. [A Matilde requibraba]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama XLIV. [Tocando hoxe con Arminda]»

(1876-1877) 2003	«Epigrama XLV. [Postas as mans sobre o tras]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama XLVI. [Dixo Carme a Antón Seixiño]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama XLVII. [Iba un patán pala calle]»
(1876-1877) 1881	«Epigrama XLVIII. [Pepiño rompe un cristal]»
(1876-1877) 1881	«Epigrama XLIX. [Pidíndolle a un labrador]»
(1876-1877) 2003	«Epigrama L. [Da trinidad as persoas]»
(1878) 2003	«A memoria de D ^a . María da Saleta Velón Valladares»
(1878) 1879	«Inés fiando»
1879:	«Deálogo n'unha tertulia d'aldea»
1879	«A***»
(1879) 1883	«Unha tarde n'a Ulliña»
(1879) 2003	«Romances. Pretiño da miña casa»
(1879) 1883	«Romances. Levanteime unha mañán»
(1879) 2003	«Á Fontiña do Suspiro»
1879	«Quieta gesta - iVaite cojol»
(1880) 1883	«Terriña por terra»
(1880) 2003	«Fidel argalia e Diego Rantes»
(1880) 1888	«Bribonada»
1882	«A castañeira en Satiago».
1883	«A la memoria de Andrés Muruais». [En castelán]
1883	«Rosa e Sabela»
1883	«Nai efilla»
(1883) 1887	«Epigrama I. [Confesándose Manuela]»
(1883) 2003	«Epigrama 11. [Un arrieiro acusouse]»
(1883) 2003	«Epigrama 111. [Levándose en certa presa]»
(1883) 2003	«Epigrama IV. [Andaba Roque de Eirín]»
(1883) 2003	«Epigrama V. [A relación preparando]»
(1883) 2003	«Epigrama VI. [Dixo patrón labrador]»
(1883) 1887	«Epigrama VII. [Preguntou un d'á cabalo]»
(1883) 2003	«Epigrama VIII. [Dixolle a leguiña Anceo]»
1884	«A Garza e o Carrizo»
(1886) 2003	«Unha noite».
(1887) 1888	«Epigrama I. [Unha tarde en qu'eu sentía]»
(1887) 1888	«Epigrama 11. [Apeándose en Santiago]»
(1887) 1888	«Epigrama 111. [Falabase n'un adral]»
(1887) 1888	«Epigrama IV. [Chamando miña atencion]»
(1887) 1888	«Epigrama V. [Dijo Simplicio á Bieita]»
(1887-1891) 2003	«Epigrama VI. [En reunión popular]»
(1887-1891) 2003	«Epigrama VII. [Coa súa muller Anxeliña]»
(1887-1891) 2003	«Epigrama VIII. [Pescando a cana nun río]»
(1887-1891) 2003	«Epigrama IX. [Tallaba un sarxento a un mozo]»
(1887-1891) 2003	«Epigrama X. [Preguntou unha muller]»

(1887-1891) 2003	«Epigrama XI. [Presente certa mañá]»
(1887-1891) 2003	«Epigrama XII. [Cansado de pitirrar]»
(1887-1891) 2004	Conversa entre arrieiros
[c.1887) 1956	«Vilancosta-Cantigas»
1888	«Epigrama. Ríanse dous mozalbetes»
1888	«Os dous ratos»
(1891) 1951	«A Rousalía»
[c.1891)	«Consellos dunha nai»
1893	«La vida». [En castelán]
1898	«Cántigas»
1898	«Fin de romaría»

6.2 Apéndice 2: Producción literaria en galego entre 1840 e 1850

Ano de datación	Título do texto	Autor	Ano de publicación
1840	«Ay, Espiñeira Espiñeira»	Antonio de la Iglesia	2005
	«Rosíña. Villancico»	Antonio de la Iglesia	2005
	«O Seor Pedro»	Manuel Fdez. Magariños	1840
	«Diego e Cristobo»	Vicente de Turnes	1851
1842	«Un-a carta anónima»	Francisco Añón	1889
	«Carta a Tirabeque»	Perico Bota-Fumeiro	1842
	«Diálogo entre Minguíño e Farruco. »	Vicente de Turnes	1842
1843	«Cambados, 1836»	Antonio de la Iglesia	2005
	«Cambados. 1836»	Antonio de la Iglesia	2005
	«Xoicio do ano de Sadurno»	Antonio de la Iglesia	2005
	«A Faustino Domínguez, con motivo do seu casamento»	Juan Manuel Pintos	1999
	«Cántiga á un cazador»(ms)	Marcial Valladares	Ined.
	«El y Ella»(ms)	Marcial Valladares	Ined.
	«Letrilla gallega en celebración de la declaración de mayoría de edad y solemne juramento de S. M. la Reina»	Vicente de Turnes	1843
	«A entrada do Sr. Arzobispo cando viña do seu desterro de Maón»	Ramón Malvárez	1844
1844	«Rosa e Pascual»	Juan Montero Telinge	1844
	«A un paxariño» (ms)	Marcial Valladares	2003
	«Á entrada do Sr. Arzobispo cando viña do seu desterro de Maón»	Ramón Malvárez	1844

1845	«O desconsolo»	Alberto Camino	1845
	«Obligado de corno»	Alberto Camino	1862
	«Recordos da Infancia. Egloga»	Francisco Añón	7845
	«Misterios de Pontevedra»	José Benito Amado	7845
	«O achadizo»	Juan Manuel Pintos	1845
	«Á usura»	Juan Manuel Pintos	1845
	«Romance das dúas beatas»	Juan Manuel Pintos	2006
	«Suidades. A C...»	Marcial Valladares	7862
	«Diálogo entre Silvestre Cajarabille e Domingo Magariños»	Vicente de Turnes	1862
1846	«[Pois non cadra tanta bulla]»	Alberto Camino	2008
	«Carta de Cristobo ao seu tío don Alifonso de Santiago»	Anónimo	2008
	«[Meu meniño miña vida]» (Vilancete) (ms)	Anónimo	Ined.?
	«Contos da aldea»	Juan Manuel Pintos	1846
	«A un cementerio en Madrid el día de difuntos de 1846»	Marcial Valladares	2003
	«Teresa e Tomás»	Marcial Valladares	2003
	«Un-a fol»	Marcial Valladares	2003
	«Á inauguración do Liceo Artístico e Literario da Cruña»	Vicente de Turnes	1862
	«Á los augustos desposorios de S. M. la reina D. ^a Ysabel 2. ^a y de su Escelsa Hermana D. ^a Luisa Fernanda de Borbon»	Vicente Turnes	1857
7847	«A Alborada» (ms)	Alberto Camino	Ined.?
	«Noite boa»	Antonio Castro	7886
7848	«[Agora sí que é a certa]» (Vilancete)	Alberto Camino	7848
	«[Hoxe é gran festa miniñas]» (Vilancete)	Alberto Camino	1848
	«Á miña aldea» (ms)	Marcial Valladares	1862
	«Soño» (ms)	Marcial Valladares	Ined.
1849	«A Delorosa»	Alberto Camino	1849
1850	«[Alegría, festa e rua],» (Vilancete)	Alberto Camino	1850
	«[Falade ben baixo]» (Vilancete)	Alberto Camino	7850
	«[Alegría, meus amigos]» (Vilancete)	Anónimo	7850
	«Un consello»	Aurelio Aguirre	1966
	«[Virxen garrida]» (Vilancete)	Domingo Camino	1850
	«Á nosa paisaniña a señora D. ^a Xosefa M. de E. nos seus días. Romance en fala gallega»	Juan López Muñiz	7862
	«A C***»	Marcial Valladares	2021
	[Suando desde picaños] (Vilancete)	Vicente Turnes	1850
	[Vinde devotos pastores] (Vilancete)	Vicente Turnes	1850